



BASES DO CONCURSO DO ENTROIDO 2018 CONCELLO DE BOIRO

A Concellería de cultura do Concello de Boiro, convoca unha nova edición do tradicional concurso de disfraces e carrozas que se realizará no marco das actividades de Entroido 2018 o martes, día 13 de febreiro, na Praza de Galicia.

1. PARTICIPANTES:

Neste concurso poderán inscribirse todas as asociacións, comunidades, grupos culturais, festeiros, veciñais...ou persoas que o desexen.

2. MODALIDADES:

- ✓ Individual/Parella
 - ✓ Grupos
 - ✓ Carrozas
- **Individual/Parella:** Poden participar a partir de 13 anos, farán constar o nome do disfrace e da persoa que se presenta e DNI .
 - **Grupos:** Considérase grupo aquel que este formado polo menos tres participantes maiores de 13 anos cunha temática común. Deberán facilitar o DNI dun dos participantes.
 - **Carroza:** Considérase carroza a un aparello móbil conformado por unha plataforma ou varias(sexa cal sexa o seu tamaño) debidamente adornadas e acorde coa temática do grupo. A carroza estará formada como mínimo por catro persoas. Deberán facilitar o DNI dun dos participantes.
- 3. INSCRICIÓN:** As persoas interesadas poderán inscribirse de maneira gratuíta na Casa da Cultura “Ramón Martínez López” ata ás 14:00 h do luns, día 12 de febreiro ou no mesmo día do concurso na Praza de Galicia dende ás 17:30 h ata ás 18:50 h.

- 4. PREMIOS:** Os premios que excedan de 300 € aplicaráselle a súa retención fiscal do 19 % segundo o regulamento do IRPF. Para poder optar aos premios os participantes deberán participar no desfile. **Os gañadores do concurso en cada unha das categorías acadarán os seguintes premios:**

INDIVIDUAIS	GRUPOS	CARROZAS
1.º 190 €	1.º 300 €	1.º 560 €
2.º 170 €	2.º 250 €	2.º 300 €
3.º 150 €	3.º 220 €	3.º 250 €
4.º 120 €	4.º 180 €	4.º 200 €
	5.º 110 €	

- O premio farase efectivo a través de transferencia bancaria nun prazo de máximo de 15 días á celebración do concurso.
- Os premiados deberán facilitar un número de conta e DNI . No caso de menores que non teñan conta bancaria poderán facilitar a do pai/nai ou titor.
- Toda interpretación sobre as presentes bases correspóndelle unicamente ao xurado

5. LUGAR E HORA:

Os disfrazados nas tres modalidades do concurso poden presentarse o día 13 de febreiro ata ás 18:50 h na Praza de Galicia ante a organización no lugar reservado. O desfile dará comezo ás 19:00 h, todos os participantes do concurso están obrigados a realizar o desfile, percorrendo diferentes rúas ata rematar no mesmo lugar.

- ✓ No desfile os participantes deberán levar en todo momento o dorsal facilitado pola organización.
- ✓ Se as condicións metereolóxicas non permitisen a realización do desfile, a organización poderá suspendelo ou pospoñelo.

6. XURADO

- ✓ O xurado estará composto por dous técnicos de cultura e dous membros da corporación municipal, quedando estes facultados para resolver todos os aspectos que non estean contemplados nas presentes bases.
- ✓ En caso de dúbida, a denominación de disfrace, grupo ou carroza será determinado polo xurado.
- ✓ O xurado resérvase a posibilidade de declarar algún premio deserto ou transferilo a outra categoría .
- ✓ A decisión do xurado darase a coñecer o día 13 de febreiro de 2018 na Praza de Galicia e será inapelable.
- ✓ Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar obrigada a comunicalo previamente.

7. DESCALIFICACIÓN DO CONCURSO. As persoas que non cumpran cos criterios establecidos pola organización poderán ser eliminados. Non se permite o consumo de alcol durante o desfile.